



ANPA CEIP RANDUFE

anparandufe@gmail.com +34 652 607 776

Bos días familias

Dende o ANPA queremos informar a tódolos país e nais do noso colexio, sobre todo para os que non puidestes asistir, do que se falou na reunión celebrada onte pola tarde coa dirección do centro.

O tema máis importante tratado foi o tema **comedor**.

Na última enquisa realizada se obtiveron uns datos cos que non é posible arrancar o servizo comedor, e indicovos os datos obtidos por cada día:

Luns: 3 comensais

Martes: 1 comensal

Mércores: 5 comensais

Xoves: 2 comensais

Venres: 1 comensal.

Serían deste xeito 12 comensais semanais, cando é preciso 50 menús semanais para obter dito servizo.

Temos que entre todos intentar sácalo adiante para que nos anos posteriores se poidan pedir axudas para este concepto. O servizo comedor é un dos máis buscados para a conciliación familiar en moitos fogares.

Estamos seguros de que se o comedor da comenzo, para o ano que ven máis familias van a matricular ós seus fillos no noso colexio.

De non ter comedor, moitas familias que o precisan levarán os seus fillos os colexios de Tui, onde lle ofrecen este e outros servizos que nos non podemos ofertar.

É por iso que se acordou facer unha nova enquisa modificando algúns aspectos:

- O prezo por comensal para o comedor é de 6,45€/neno (entre 10 e 20 usuarios).
- O ANPA pode colaborar/axudar aportando unha cantidade para que cada menú por comensal sexa de 5€.

Deste xeito, unha familia con un neno que se quede a comer un día da semana, pagaría 5€ por semana, e polo tanto, 20€ ó mes. Ou si un neno quedara a comer os 5 días da semana pagaría 20€ por semana, e polo tanto, uns 100€ ó mes.

Acordouse tamén facer unha subida da cuota da ANPA, pasando a ser a cuota anual de 15€ por familia.

Ademais, estamos a preparar unhas rifas patrocinadas polo BAR PANCHO 3.0, para recadar fondos para o ANPA, e que poidamos axudar e colaborar en todo o que os nosos nenos precisen.

Cada rifa custará 1 € e o posuidor da rifa gañadora obterá unha cesta de Nadal valorada en 200€. O sorteo realizarase no colexio a principios do mes de decembro, e poderán asistir todos aqueles que os desexen.

Dito esto, por favor, os interesados enviade de novo a folla de inscrición de nenos para o comedor, para facer de novo un reconto e a ver se conseguimos un número máis axeitado para comenar a rodar.

Recordarvos que o horario do comedor é de 14h a 16h. Os nenos que van a extraescolares xa empatan o comedor coas actividades extraescolares. O que non vai a ningunha actividade, poderá ser recollido a partir das 15h e ata as 16h.

Decirvos que dende o ANPA agradecemos tódalas propostas e boas ideas que vos surxan, e que vos escoitamos de bo gusto.

Moitas grazas.

ANPA RANDUFE

Randufe, 4 de Outubro de 2023.